

Nº.: 67

“DOA A DOA”

Debullando a historia. Vouche contar...
Programa de televisión, 2007, 27 capítulos, 12 min., emitido por TVG

Dirección: Valentín Carrera
Guión: Valentín Carrera, Carlos Vázquez e Elena Gálkina
Cámara: Alfonso Parra AEC y David Padín
Narrador: Antonio Mourelos
Música Original: Faltriqueira
Producción: Chelo Lage



FICHA TÉCNICA

TÍTULO	Doa a Doa	
SLOGAN	Debullando a historia. Vouche contar...	
GÉNERO	Historia y Biografía	
MODALIDAD	Documental	
FORMATO	Programa de TV	
SIST.GRABACIÓN	BTC DIGITAL y DVCAM	
ASPECTO RATIO	4:3	
IDIOMA ORIGINAL	Gallego	
DURACIÓN	27 cap x 12 min.	
AÑO	2007	
NACIONALIDAD	España	
FECHA ESTRENO	Melide, 16 de noviembre de 2007 Cangas, 21 de noviembre de 2007 Rianxo, 7 de diciembre de 2007	
COPRODUCTORES	NOMBRE	PORCENTAJE
	TVG	100%
EMISIONES TV	NOMBRE	FECHA EMISIÓN
	TVG	Emisión semanal (domingos, 21:30 h) del 30-09-07 al 06-04-08
LOCALIZACIONES	Galicia	
CALIFICACIÓN	Todos los públicos	
WEB	www.doaadoa.com	
DEP. LEGAL	PROYECTO	C-3141- 06
	DVD	C 2084- 2007
Registro Propiedad intelectual	Registro del Formato Autor: Valentín Carrera Nº Solicitud 03/2007/1659 Fecha 11/09/07	

SINOPSIS

(castellano)

DOA A DOA es un programa de televisión de IBISAtv para TVG pensado para mantener viva, también en la pequeña pantalla, la tradición oral gallega, esas pequeñas historias de vida que muchos de nosotros conocemos porque nos las contaron nuestros abuelos, una riqueza histórica y documental que se está perdiendo y que es necesario conservar, pues forma parte de nuestra íntima memoria.

La infancia, los juegos, la escuela, el primer beso, la medicina, la religión o la sexualidad son algunos de los temas que se tratan a lo largo de los veintisiete programas de doce minutos en los que los espectadores harán un viaje al pasado para saber cómo se vivía a finales de los años veinte, principios de los años treinta.

El músico Xosé Manuel Seivane, los galleguistas Fernández del Riego, Alonso Montero, Isaac Díaz Pardo y Avelino Pousa Antelo, la pedagoga Antía Cal, el deportista Arsenio Iglesias, la poetisa M^a Carmen Kruckemberg, el obispo Monseñor Cerviño o el político Gerardo Fernández Albor son algunas de las caras conocidas que relatan historias de su infancia y adolescencia, mezclados con campesinos, marineros, profesores, amas de casa, emigrantes y exiliados.

(galego)

DOA A DOA é un programa de televisión de IBISAtv para a TVG pensado para manter viva, tamén na pequena pantalla, a tradición oral galega, esas pequenas historias de vida que moitos de nós coñecemos porque nolas contaron os nosos avós, unha riqueza histórica e documental que se está a perder e que é necesario conservar, pois forma parte da nosa íntima memoria.

A infancia, os xogos, a escola, o primeiro bico, a medicina, a relixión ou a sexualidade son algúns dos temas que se tratan ao longo dos vinte e sete programas de doce minutos nos que os espectadores farán unha viaxe ao pasado para saber como se vivía a finais dos anos vinte, principios dos anos trinta.

O músico Xosé Manuel Seivane, os galeguistas Fernández del Riego, Alonso Montero, Isaac Díaz Pardo e Avelino Pousa Antelo, a pedagoga Antía Cal, o deportista Arsenio Iglesias, a poetisa M^a Carmen Kruckemberg, o bispo Monseñor Cerviño ou o político Gerardo Fernández Albor son algunhas das caras coñecidas que relatan historias da súa infancia e adolescencia, mesturados con campesiños, mariñeiros, mestres, amas de casa, emigrantes ou exiliados.

CAPÍTULOS

CAPÍTULO I. O CATÓN E AS PRIMEIRAS LETRAS

A escola nos anos trinta era un ben prezado, os nosos avós recordan como na época suspiraban para que chovera para poder ir a escola porque o normal era ir a traballar, co gando, ao mar ou a labrar o millo. A escola “era totalmente deplorable porque estaba en local privado e como non pagaban demasiado ben... ou máis ben como non pagaban pois estábamos todos tiritando de frío”, recorda Manuel Dourado. Ademais “o dos nenos era outro sitio e as nenas era en outro lado”, explica ao longo do capítulo Carmen Ramos.

CAPÍTULO II. QUERIDO MESTRE

Os mestres, mellores ou peores, están sempre vivos na memoria dos nosos avós. Eladio García recorda como o seu “era un home tan bon mestre, tan bon mestre que xa era un segundo pai”. Os castigos dos mestres tamén fican na memoria, “preguntáronme a lección e non lla soupen, e díxome: ahí na porta para que te vexa toda a xente toda de rodillas e cos brazos abertos”, recorda Purificación Cancelo.

CAPÍTULO III. O PRIMEIRO BICO

A descuberta do amor é máis fermosa aventura e a experiencia máis perturbadora. Todo quedará gravado naquela primeira caricia, naquel inesquecible primeiro bico. “O primeiro bico rabuñoume a cara. Sí,... deume unha rabuñada”, recorda con moito cariño Juan Cebreiro. As teimas e os medos tamén son recordados polos nosos avós, “o primeiro bico doumo xa cando había seis anos que falaba conmigo”, recorda Carmen Granja.

CAPÍTULO IV. BRINCADEIRAS CORPO A CORPO

No capítulo do programa de televisión “Doa a doa”, “Brincadeiras corpo a corpo”, os nosos maiores explícanos como o descoñecemento facía que a sexualidade nos anos tinta e corenta se vivía dunha maneira diferente a actual. Segundo Hevia recorda que “case non sabíamos como nacían os nenos. Era unha cousa curiosísima”. Outras testemuñas fannos recordar como chegaban o matrimonio moi xoves e incluso por acordos entre os pais, os casamentos a troco por mor das herdanzas. O historiador Alonso Montero recorda dos seus anos mozos como “eles non, pero elas ían virxes ao matrimonio. E a primeira relación sexual con esa muller era o día da voda”. As testemuñas de diferentes persoas que viviron nos anos trinta os seus primeiros descubrimentos sexuais axúdannos a comprender a época o mesmo tempo que escriben a nosa memoria histórica cos seus recordos.

CAPÍTULO V. O CALAFRÍO DA GUERRA

Algúns momentos históricos poden pasar desapercibidos no intre mesmo en que se producen aínda que signifiquen cambios importantes ó noso arredor. O historiador Alonso Montero recorda como “en Galicia non houbo guerra, só houbo represión”. Os paseos, os fusilamentos, os presos, os fuxidos, os atemorizados e os mortos son recordados con dor polos nosos avós máis é necesario lembralos para que a historia

non se repita. Unha época difícil de rememorar para os nosos avós pero que o fan coa serenidade que da o tempo. O músico Seivane relata como “da noite a mañá estallou a guerra. Eu tiña 14 anos e comenzou a vir un avión que se chamaba o páxaro negro zumbando mandado aquelas bombas polo aire, uns deitados entre o trigo”. O mesmo recordo que Avelino Pousa Antelo que explica como “empezaron a votar unhas bombiñas que te mataban e a ametrallar”.

CAPÍTULO VI. TEMPOS DE FAME

Din os entendidos que as malas consecuencias dun enfrontamento civil duran máis de dez xeracións. A posguerra trouxo miseria, terror, fame, represión, silencio e unha ditadura. O profesor Herminio Barreiro recorda da súa infancia que “na casa había un falso teito e pola parte de arriba sacamos unha táboa por onde eu cabía e deixámoslle un pequeno respiradoiro por si tiña que meterme alí”. Relatos desgarradores como o de Celso Rodríguez que explica como “a sorpresa miña que pasa un camión e encima ía xente, presos, e entre eles, ía o meu pai. Era cando os levaban por aí a matar”. A falta de aceite, roupa, calzado, cartos, pan, fariña... forma parte deste relato colectivo dunha parte da nosa historia. Son os tempos da fame e do medo que os nosos avós contan para que non volvan nunca.

CAPÍTULO VII. O ESTRAPERLO

Hai quen di que somos o que comemos, pero a verdade é que tamén somos o que deixamos de comer. Porque sabemos que un país vai minimamente ben se os seus habitantes están seguros de que ó día seguinte van comer. Segundo Hevia fai referencia as agora descoñecidas cartillas do estraperlo, e a “unha etapa bastante longa na que os alimentos estaban racionados, totalmente racionados, e funcionaban a través dunhas cartillas de racionamento que se chamaban e que as tiñan cada cabeza de familia de cidade ou do lugar onde vivisen”. Hai ben pouco tempo, moita xente deste país non tiña nada seguro se ó día seguinte podería comer ou non. Eran días en que loitar pola vida consistía, en esencia, en loitar por comer, dentro ou fóra dunha lei de reparto inxusto. O músico Manuel Seivane recorda como “de Portugal pra aquí co estraperlo veu moita vida, moita vida”.

CAPÍTULO VIII. CALDO E BOROA

As costumes cambian e a alimentación variou moito nos últimos tempos. Fronte as actuais hamburguesas, os perritos, os conxelados... nos anos trinta “Galicia era unha fábrica de facer o caldo”, como recorda Manuel Dourado. A fame tamén forma parte do recordo popular desta época, “canta fame, canta miseria había en Galicia. A condesa de Fenosa nunca pasou fame nin a súa clase social. Canta fame hai no pobo de Galicia”, explica Alonso Montero. Os trucos caseiros axudaban a paliar a fame como conta Carmen de la Fuente: “Ao mellor aos cinco ou seis días, o pan empezaba a coller valor e votábaslle un pouco de auga fría. Volvías a quentar o forno e refornábase”.

CAPÍTULO IX. BARRIGA VERDE

As campás, as bombas, as músicas e as cores compoñen o cadro da diversión ansiada, da evasión imprescindible nunha vida dura, da ledicia compartida e da festa que facía tolerable o traballo diario, porque o envolvía en soños e lembranzas.

Os mozos e as mozas preparaban as festas como se prepara a viaxe a unha fermosa illa onde case todo será posible: o encontro, a cantiga, a risa, a caricia e algún biquiño doce e furtivo.

Hoxe é inimaxinable o que nos conta Filomena Fraga da súa vestimenta: “levábamos unhas zapatillas para o camiño para non gastar os zapatos e mais as medias, porque antes non se ía á igrexa nin ás festas sen medias, pero as medias rompían e non se podían comprar outras entóns íamos sen elas polo camiño e chegábase alí e calzábase os zapatos e mais as medias”.

O galeguista Avelino Pousa Antelo explica sobre a súa adolescencia como “cheguei a dirixir unha orquestra: Orquesta Chintófano. Avel Pousa y sus Jabatos”. O adestrador de fútbol Arsenio Iglesias recorda como “Era un festexo o poder ir ao cine. ¿Non? Era emocionante. Para min era unha cousa importante. Eu non iba moito iclaro...!”

CAPÍTULO X. OS FILLOS DO PAI

Hai quen di que os galegos nunca se converteron de todo e que, coa relixión de hoxe, tapan crenzas de tempos remotos, que veñen do espírito da terra, do aire, do lume e das augas. Hai quen di que estas sonvos cousas de curas, que nunca están contentos nin co que lles dis nin co que lles dá. Hai quen di que unha cousa é Deus e outra cousa son os curas. Hai quen cre, quen di que cre, e ata quen non cre. E hai quen pensa que o mellor é estar calado. A relixión convivía dunha maneira especial ca xente, formaba parte dos seus hábitos, das súas costumes alimenticias, das súas crenzas, incluso no vocabulario popular facíase referencias a relixión como recorda o que foi obispo de Tui-Vigo, Monseñor Cerviño, “efectivamente a xente humilde tiña que dicir como un cura porque comían máis pobremente pero non creo que se diferenciaban moito as comidas dos cregos da dos de outras xentes”

Avelino Pousa Antelo recorda que “na porta da sacristía había aquel Initia Sapientae Timor Domini. Dicía: O temor de Dios é o principio da sabiduría. A min non me gustaba. Eu cambiaría Initia Sapientae Amor Domini. O principio da sabiduría é o amor de Dios”

CAPÍTULO XI. MORTOS DE RISA

O capítulo desta semana de Doa a doa está adicado a morte: o gran misterio, nunca resolto, que ocupou as cavilacións e as inquiredanzas de todos os pobos. Ver a morte de cerca foi, entre nos nosos maiores, unha das primeiras experiencias da vida e acaso estea deixando de selo. A poetisa M^a Carmen Kruckemberg explica que “a morte é simplemente a perda da vida. Vaste e punto”. O profesor Xesús Alonso Montero recorda da súa xuventude como “non digo que estivera desexando que morrera alguén para ir ao velatorio pero, en todo caso, xa se morría alguén estaba desexando ir ao velatorio”. Tamén a forma de ver a morte cambiou moito nos últimos anos, os velatorios, os enterros, os funerais... todo isto mudou co tempo como veremos neste programa.

CAPÍTULO XII. CURANDEIROS...

O caso é ter saúde. Esta é e a primeira condición para o ben(h)estar e a felicidade. Ata hai ben pouco tempo era obrigado aforrar para unha enfermidade, esa que adoitaba presentarse no solpor da vida. A saúde buscouse sempre con decisión por todos os medios: técnicos, naturais, relixiosos ou máxicos. Pois o caso é, en definitiva, ter saúde!. O profesor Xesús A. Montero recorda os tabúes sobre o tema “Porque daquela decíase estar enfermo do pulmón; é un eufemismo por estar tuberculoso. Morría todo o mundo”. As curas para as enfermidades eran moi sinxelas como explica o músico Segundo Hevia “Metidos na cama a non comer, a tomar un caldiño de tal ou un caldiño de cual, e fóra de aí non había outra cousa iclaro!”. Avelino Pousa Antelo explica os remedios da súa casa “dáballe freghas con unto e dáballe freghas con preparados de herbas e eso era o primeiriño”

CAPÍTULO XIII. PARIR CON DOR

Morrer por dar a vida é inxusto pero, ata hai ben pouco, morrer por dar a luz era moi frecuente para as mulleres no noso país. A atención a esta primeira necesidade vital foi a principal tarefa daqueles médicos, moitas veces heroicos, que serviron nas aldeas e parroquias de Galicia, non hai tanto tempo. De feito, os vellos médicos seguen presentes na nosa memoria colectiva. Avelino Pousa Antelo recorda que cando ía a nacer un neno, “normalmente ao médico cando se ía era que era un parto difícil, un parto cistósico que había que usar as ferramentas que entonces terminaba normalmente mal. Cando viña o médico era raro que o neno se salvara”. O médico rural Eladio García explica como antigamente “non había unha ambulancia. O transporte facíano a cabalo ou a pé”. O tamén médico Carlos Cristos recorda como na súa xuventude: “Las enfermedades obligaban al médico a hacer una cantidad de visitas a domicilio brutales”. A xente era moi agradecida cos médicos como explica Eladio García, “como lle vas decir ao tío que estás vivindo con el que se funde a electricidá venche ás 4 da mañá arreglalo conto, o outro que che ven se o tellado rompeu retellar fóra de hora, como lle vas a negar despós ir ti a velo”

CAPÍTULO XIV. FACER AS AMÉRICAS

Nos anos trinta, as familias medraban pero as terras non. O minifundio, a leira, non era quen para dar de comer a todos os da casa e, por iso, os que nacían de cú para a lareira, que eran todos menos o herdeiro, tiñan que emigrar. Este foi o periplo vital da metade dos galegos e galegas durante o século vinte: emigrar e volver (ou non). O gaitero Seivane recorda que na súa época “marcharon sen nada e trouxeron moita vida” A emigración foi condena e salvación de centos de miles de galegos de aquí e de acolá. A emigración é a maior xesta colectiva realizada na nosa patria. O ex presidente da Xunta, Gerardo Fernández Albor explica que “en Galicia tiñas un pobo que padecía un cáncer terrible que era a emigración”. O antigo adestrador do Deportivo, Arsenio Iglesias di “marcharon de aquí dos puebliños e a xente marchou a, por exemplo, a Uruguai e ipum! caeu en Montevideo, na capital e iclaro! a capital non era Arteixo, non era Loureda, non era Barrañán, non era. A capital era a capital. Entonces iclaro! este é outro mundo”

CAPÍTULO XV. O XOGO DE TRABALLAR

Houbo un tempo en que non era doado discernir entre o lecer e o traballo, entre o apeiro e o xoguete. A pedagoga Antía Cal recorda a súa rutina diaria de cando era nena: “facer as camas, ir despois para o cuarto da costura, onde había unhas medias cuns furados tremendos e unhas bolas que saían por fora”. Todo servía para aguzar as habilidades e as mañas de cada un. Era útil o xogo de traballar e o traballo de xogar. Sentías que estabas a facer a túa parte, que estabas a aprender. Aqueles días, cando esmorecía a tardiña e un adurmiñaba canso a carón do lume, nunca se sabía ben se toqueabas por traballar ou por argallar, que todo era a mesma cousa, que todo quedaba na casa, que todo era aprender e todo era axudar a ganhar o pan.

CAPÍTULO XVI. DE CATIVO QUERO SER MAIOR

Sempre os cativos quixeron ser grandes de contado. E abofé que, nalgún tempo, tal cousa éravos moi doada de conseguir. Aínda non ben se abría a flor da vida, que pola porta dun oficio ou doutro, podías te converter moi cedo en todo un home ou unha muller. Jesús Gómez recorda como comezou a traballar de moi neno como albanel “...tan grandes e tan terribles e estar aí unhas criaturas, que eramos unhas criaturas, ver aí nuns andamios traballando, aí que moitas veces os albañiles que non podían dar o recebo porque se conxelaba a masa”. María José Otero lembra como os traballos estaban clasificados e non todo o mundo podía facer o que quería, “quixen aprender a modista e meu pai non me deixou porque me dixo ti queres aprender a coser porque non queres traballar na terra e os fillos dos pobres teñen que ser escravos e traballar senón non teñen para onde ir. Queres ser señorita, no che hai e non me deixou ir a coser”. Era traballar para aprender e aprender para traballar, aínda que só fose pola mantenza, aínda que houbera que dar algo por riba. Iso si, o día da primeira paga, eras adulto de súpeto. Un adulto precoz porque xa podías ganhar a vida, porque xa podías aforrar para un soño.

CAP. XVII. OS MIL CAMIÑOS DA NOVAS

Asombrosas, ou tristes, ou misteriosas chegaban as novas por mil camiños: Os contos do cerralleiro, o periódico do crego, a carta de Cuba, as historias de volta da feira, as coplas do cego ou a leria do capador. Xesús Alonso Montero recorda como pasaba “noites longas do inverno oíndo contar contos, oíndo relatar feitos de Cuba da Arxentina, oíndo cancións, oíndo refráns. Esa foi a miña primeira universidade” A radio recen chegada, o coche de liña, a taberna, o lavadoiro, a feira ou o xornal de tres días eran os medios e, xa se sabe, que os medios e a mensaxe son a mesma cousa. As novas chegaban como explica Avelino Pousa Antelo, “de boca a boca, as saídas das misas dos domingos que se comentaba, o que lía o periódico comentaba”.

CAPÍTULO XVIII. O SOÑO DE MARCHAR E VOLVER

Hai pouco tempo, “teño unha viaxe” dicíase coma ter un soño. Ver a vila, ver o mar ou ver Madrid. Ou ver chegar aos viaxeiros. Ou velos marchar dacabalo. Oír de lonxe o motor do coche de liña que subía, ranqueando, a derradeira costa. Ou ver chegar o tren bufando e soprando fume ata parar canso, coas gotas de suor esvarando pola cara redonda e metálica da máquina xigantesca. Ou velo partir pitando de ledicia e acelerando o ritmo da súa trécola ata perderse na última curva. Era o soño de

marchar, e de volver para contalo. O antigo adestrador do Deportivo, Arsenio Iglesias recorda: “Vir a Coruña para nosoutros, que eran once kilómetros, era como agora ir a Madrid, ou supoño que non tan difícil pero máis incerto si”. Avelino Pousa Antelo explica que unha das súas viaxes “foi unha lúa de mel corta na Coruña, e alí nun hoteliño, oito días sen saír da habitación”.

CAPÍTULO XIX. MÉTETE NA TÚA VIDA, QUE A MIÑA...

As casas tiñan recantos, as familias eran grandes e os cuartos tiñan nome. O cuarto do cabo, o cuarto do reloxo, o cuarto do medio. Os veciños coñecíanse ben, falaban a cotío, rían sete rires e ás veces rifaban, ou choraban si era tempo de bagoas. Os avós consentían, os pais castigaban, as nais protexían e os irmáns ou calaban ou falaban de máis. Manuel Dourado explica como “o que dicía a miña nai ía a misa”. O sacerdote José Álvarez Arias recorda da súa nai “que cuando se ponía la comida en la mesa y si había merluza de aquellas, ella dividía las cosas, quedaba con la cabeza o con la cola pequeñita”. Neste primeiro espazo vital recibimos, como diría Balzac “o primeiro impulso, que é a voz da natureza, e o segundo, que é a voz da sociedade”.

CAPÍTULO XX. HEICHE TRAER... AS COUSAS DO MAXÍN

O gran xoguete dos nenos e das nenas de todos os tempos é o maxín. O maxín que converte un banco nun tren, un recanto nunha casa e a vasoira nun cabalo. Fixéronse fornos nas muras do prado, muíños no regueiro e intrincados pasadizos segredos na palleira. ¿Será certo que a máis xoguetes, menos maxín? É malo de saber. En todo caso sempre houbo un “heiche traer” que facía longa a espera do día dos reis, da volta da feira ou simplemente do domingo. Porque a ilusión, heiche traer évos tamén cousa do maxín. Alonso Montero recorda os seus xogos de neno: “xogabamos sobre todo os domingos a ir a un outeiro e por unha corredoira abaixo irmos dous ou tres rapaces de riba dun carro de pau”. O ex adestrador do Deportivo de A Coruña, Arsenio Iglesias tamén explica cómo eran aqueles tempos e os xogos: “nos xogabamos descalzos porque claro cos zocos non podías xogar, porque lle dabas unha patada a un tipo e jorobábaslle unha perna. Entonces eramos capaces de xogar descalzos”

CAPÍTULO XXI. AS FESTAS DA VIDA

Quizais por seren tan duros os días soltos, tiñamos que encher o ano de días santos. Era coma cruzar o río polos penedos para non te mollar. A pedagoga Antía Cal recorda como “matábase unha ovella ou matábase un año ou... as festas a casa pola ventá”.

O carnaval, a coresma, o precepto, a pascua, o San Xoán, a festa dun e as festas do lado que enchían o verán, os magostos, os defuntos, a matanza e o Nadal.

Vixilias, bulas e farturas; foguetes, música, estreas e aquel bico furtivo que tantas cousas espertaba. Sempre foi a festa quen fixo a vida levadeira.

Filomena Fraga nos explica como “facíase nas casas de pobres un cocido e o mellor un arroz con polo porque os polos vendíanse claro porque facían falta os cartos pero gardábase un para a festa. Entón facíase un cocido con carniña de porco xa se gardaba un cacho de xamón ou de lacón ou do que fora e ese día tamén se ía a

buscar un trociño de carne de becerro, para o día da festa, que era o único día que se comía carne de becerro nas nosas casas”

CAPÍTULO XXII. OS TEMPOS ADIANTAN UNHA BARBARIDÁ

Sabiamos todos que os adiantos chegarían. Tardaban para os máis novos e viñan a tempo para os máis vellos, pero os adiantos sempre chegaban. Isaac Díaz Pardo relátanos como “meu pai trouxo de América un gramófono e discos”. Era a lei do progreso humano que se impoñía.

E chegou a luz por fin; meteuse a auga nas casas; fomos retratarnos á vila; e alguén nos contou como era o cine que, un bo día, acabamos por ver pasmados. A pedagoga Antía Cal recorda como “cando cheguei a Mouras e preguntei polo cine e as miñas amigas dixéronme e iso que é, e dixéronme que non sabía o que era un cine. Ese día caeume a alma os pes”.

Chegaron os adiantos e chegaron os inventos, pero o conto está en saber se a cousa será para ben ou será para mal. O médico Eladio García fálanos dos seus recordos ca luz na casa “na bombilla tiñan unha lámpara e cando entraba un pouco de vento movía. Entón tiña un burato, entraba a luz nun burato e pegaba, e no sitio que pegaba e si lle daba a un tipo xa se quedaba así, non se movía. Quedábase como si lle estiveran apuntando cunha metralladora”

CAPÍTULO XXIII. A FESTA DO TRABALLO EN COMÚN

Vai de casa en casa o motor da malladora ou malla para todos na eira común e, ao cabo da xornada, chegan as risas e veñen as troulas. O galeguista Avelino Pousa Antelo recorda “aquelas labores de axuda mutua, case de cooperativa que se facían por exemplo para facer a sega da herba seca das casas importantes e entón os guadañeiros, os que facían os palleiros, os transportes”

Xúntanse os segadores en rodas de homes e roldas de mulleres e a canseira do día non é quen de minguar a festa no lusco fusco.

Congrega a matanza ás familias, que devecen polas febras, se cadra cunhas mazás asadas na manteiga e polos raxos servidos ao quente e ben regados polo viño da casa. Filomena Fraga recorda como noutros tempos “picábase encima dunha tabla cun cuchillo, eu poñía os rapaces tamén a que picasen alí, e cando lle salía así unha freviña, déixanos botar esta freviña encima da plancha. Votade, a planchiña da cociña de ferro ben limpa, botábana alí. Que sabor tiña”.

Se te xuntas e hai colleita, o traballo é unha festa. A pedagoga Antía Cal explica como “miñas tías tiñan unha tixola moi grande que se facía para cando había moitos obreiros na sega, na malla e tal, pos nesa tixola moi grande, que a teño eu hoxe de recordo, pois faciánnos unha tortilla desas con lixos de touciño, con cebola, con todo o que se cadrara, así de gorda”.

CAPÍTULO XXIV. RITOS PARA TRANSITAR POLA VIDA

É o rito a linguaxe colectiva da comunidade que se xunta, que celebra, que festexa, que se inicia ou establece vínculos e compromisos diante de todos.

Celébrase a vida e apadríñase o coidado, celébrase a iniciación, celébrase o compromiso e ata se celebra a morte. Isaac Díaz Pardo acordase do día da súa voda “no ano 45, xa vai ala, e teño a mesma muller e eso é un mérito”. A dote da noiva,

hoxe esquecida, era tamén unha parte importante das vodas como recorda Antía Cal “A miña avoa dixo isto toma que son aforros meus para ti E cando eu casei miña nai veu tamén co pichoco e estos son aforros meus para ti”

Serán relixiosos ou civís, pero os ritos, como tódolos símbolos, son imprescindibles para comprender e comprendernos. Os ritos son palabras e acenos, toda unha linguaxe. Filomena Fraga rememora a roupa do día da súa voda, “un veliño na cabeza, porque antes non se podía ir a misa sen velo, non se podía entrar na igrexa sen nada na cabeza, nin sen medias ni de manga corta”

CAPÍTULO XXV. VOLVERÁN OS MERLOS?

Bótase de menos o balbordo dos nenos que, coma merlos, enchían de algarabía as rúas e rueiros das vilas e das aldeas. Francisco Macías recorda como “aquí, neste pobo, eran o mellor, oitenta e cinco veciños; cada un, tiña catro ou cinco rapaces; o mellor eramos catrocentas persoas aquí, catrocentos habitantes”. Somos un país de vellos que estamos a esquecer o ruxe ruxe do berce, as risas frescas, as argalladas pícaras e as bágoas de medrar e de madurarse. Josefa Carajaville conta da súa familia que “nós eramos nove, eramos once cos meus pais, e arriba eran tamén outros tantos, pero a ela lle morrera unha filla e a nós, un irmán. Eramos dezaseis rapaces nunha casa”. Pola súa banda, María Rodríguez relata como na súa familia “fomos nove irmáns, criámonos cinco, pero os outros cando morreron seica foi nun ano que lle chamaban a epidemia e morreron catro”.

CAPÍTULO XXVI. O SOL, A LÚA, A FEIRA

As feiras, que son o mercado da vida, marcaban o calendario como o mesmo sol marca os días ou a lúa as súas fases. Ninguén se podía subtraer ao influxo do sol, da lúa e da feira.

Trocar, mercar ou vender eran a desculpa para ir a feira a ver, escoitar, falar e contar a escusa para comer, beber ou folgar. O médico Eladio García recorda como “aquí en Santiago, que era mercado nacional, tramítase a venda de catro ou cinco mil terneros, pero son terneros de tres días, ou catro, ou seis, porque para a venda do ternero de carne, o ternero para sacrificar, era Melide a feira máis importante que había. Aquí comercializábanse mil reses de centos de quilos”

As feiras eran o espazo natural de socialización das persoas do mundo rural, despois da familia e da parroquia. Por iso falabas da feira tal, como che ía nela. A pedagoga Antía Cal explícanos como “sempre a feira a que se ía a abastecer un para o ano era o feirón de Villalba”. María Celia Castro recorda como ían “a feira de Santiago con porquiños pequeniños, e andando, que de onde nos somos a Santiago hai 12 quilómetros e, andando con aqueles animalíños polo pobo adiante”.

CAPÍTULO XXVII. POLOS CAMIÑOS DE NINGURES

Todo galego, ou viu a Santa Compañía, ou coñece a alguén que a viu, como irá a San Andrés de Teixido de morto, se non foi de vivo. O profesor Herminio Barreiro explica que “a Santa Compañía, o que estaba visto, era que era para os tipos que eran medrosos de por si, e con medo vían o que non existía”. A pedagoga Antía Cal explica pola súa banda, unha historia que lle contaron cando era nena: “entón veu a Santa Compañía e díxolle: «tes que ir a igrexa de Muras e tes que rezar un

padrenuestro». «Pero ¿cómo fago? ¿cómo se abre a porta?». «Ti chegas, e a porta está aberta e ti saes, e a porta xa se pecha»»

A morte é tan outra vida, por estes pagos, que sonvos moitos cartiños os que se invisten en sacar adiante ás animas do purgatorio e en redimir culpas e penas doutras ánimas que, por fas ou por nefas, non deixan de vagar polos camiños de ningures. Monseñor Cerviño recorda como cando era rapaz, “pasar o lado do cemiterio custábame moito traballo. A miña casa está preto do cemiterio”

Aquí manéxase a morte como se manexa a vida. Manuel Dourado explícanos o que era o aire de morto: “e para demostrarlle que o aire da cobra e o aire dos defuntos e o aire dos alamahandas, e da salamandra e todos isos aires eran unha tontería, sacaron a charca, apareceron e cando os rapaces viron todos eses bichos, escaparon para os altos máis pretos. E entón eu dixen: «non escapedes, imirádeme!», collín unha e paseina pola cara, para demostrarlle que non, e quedei so, escaparon todos para as casas. Chegaron as casas e dixeron: «o mestre morre». «¿Como?». «Si fixo isto, pasou a salamandra pola cara. Morre ós tres días». Iso era o que pululaba no ambiente. Si non morría os tres días, morría os nove. Si os nove non morría, entón xa quedaba demostrado. Foi como triunfei non. Quedaba demostrado que iso era unha tontería. Pero quedei soíño nove días.”



ROLL

Producción de IBISAtv

Dirección: Valentín Carrera

Música: Faltriqueira

Deseño: Uqui/Cebra

Narración: Antonio Mourellos

Fotografía: Alfonso Parra AEC

Cámara: David Padín

Entrevistas: Carlos Vázquez e Montse Nieto

Baseado na “Ética da memoria” de Elena Gálkina

Xefa de produción: Chelo Lage

Produción: Elsa Pazos e Pablo Lorenzo

Comunicación: Vanesa Rodríguez

Documentalista: Bris Álvarez Prado e Verónica López Ferreira

Montaxe: Isabel Calabria

Posproducción: Pórtico de Comunicaciós

Agradecementos:

Caeiro Renault

Casa Rural “O Ventorrillo” (A Fonsagrada)

I.E.S. As Fontiñas

Marcial Gondar

Pazo de Adrán

Fondos fotográficos:

Antonio Ferreiro

Arquivo do Reyno de Galicia

Asociación Obradoiro da Historia

Carlos Asorey Brey

Carmen Mariño Regos

Concello de Chantada

Familia Álvarez Prado

Familia Feros Carrasco

Familia Touriño Lado

Fotografía Manuel (A Fonsagrada)

Fundación 10 de Marzo

María Esther Veiras

Museo de Pontevedra

Museo do Pobo Galego

Museo Pedagóxico de Galicia

Museos Comarcal da Fonsagrada

Pilar Pena

LOS PROTAGONISTAS

Almerinda García Carrillo, Antía Cal Vázquez, Arsenio Iglesias, Avelino Pousa Antelo, Baltasar Rodríguez Iglesias, Benjamín Gándara Gándara, Carlos Cristos de la Fuente, Carmen Barros Caldelas, Carmen de la Fuente Vázquez, Carmen González Cebreiro, Carmen Granja Mourullo, Celso Rodríguez Iglesias, David Álvarez Carballido, Eduardo Martínez Trillo, Eladio García Rodríguez, Estrella Barral Pérez, Fernando Fernández del Riego, Filomena Fraga Rey, Fina Iglesias Ordóñez, Francisco Caamaño Hermida, Francisco Macías Cuadrado, Gerardo Fernández Albor, Herminio Barreiro Calvete, Isaac Díaz Pardo, Jesús Gómez Lareo, José Álvarez Arias, Jose Manuel Seivane Rivas, Josefa Cajaraville, Josefina Liñeiro Fernández, Juan Cebreiro Cebreiro, M^a Carmen Ramos Gesto, M^a Celia Castro Alboz, M^a del Carmen Otero Pereira, M^a do Carmo Kruckemberg, M^a Teresa Puga González, Manuel Cancelo Fernández, Manuel Dourado Deira, Manuel Gómez Rey, Manuel Rial Romero, María Rodríguez Vázquez, Mercedes Iglesias, Mercedes Rodríguez Alvarado, Monseñor Cerviño, Purificación Cancelo Barreiro, Rafael Lorenzo Frieiro, Ramón Ledeiro Pintor, Rosalía Gómez Iglesias, Sara Amil Lorenzo, Segundo Hevia Torres, Señora Carmen de Airiños do Monte, Serafín Ordóñez Rodríguez, Telmo Conde Fernández, Xesús Alonso Montero.

IMAGEN GRÁFICA


LOGOTIPO



CARTEL



FOTOGRAMAS



FOTOS DEL RODAJE



